

FOLGA O+M A Coruña

Suspendidos os paros ata o 20 de outubro

A suspensión realízase coa intención de abrir un período que nos permita facer unha análise da situación actual do departamento, procurando ao mesmo tempo establecer un verdadeiro diálogo coa empresa, este movemento foi consultado cos propios traballadores, que por maioría optaron por dar este paso. Por ese motivo, hoxe 14 de setembro, notificóuselle á empresa, e ao resto de organismos afectados, a suspensión dos paros ata o vindeiro 20 de outubro.

Quedan polo tanto suspendidos os paros dos seguintes mércores:

- **16, 23 e 30 de setembro**
- **7 e 14 de outubro.**

A suspensión dos paros ten como obxectivo analizar a nova situación xerada despois das actuacións unilaterais da empresa: externalización de actividades de mantemento en conmutación, ADSL, etc; saída forzosa de 5 OTPI de conmutación para outro departamento (CNAI), e unificación do resto dos OTPI de conmutación cos de transmisión, aplicándolles unha única rolda de quendas e gardas.

A situación actual do departamento ven a demostrar con claridade que as medidas tomadas ata agora non solucionaron ningún dos problemas que padecía a unidade e lonxe de arranxar os problemas existentes, a empresa cos seus movementos, non fixo máis que engadir outros novos: falla de persoal para as quendas e gardas previstas, actividades a realizar, integración real...

Está no ánimo dos traballadores, e das forzas sindicais que os estamos apoiando, buscar unha saída negociada a este conflito. A solución non pode pasar por impoñer medidas que en ningún caso melloran a situación existente polo que esperamos que este prazo que se abre sirva para establecer un auténtico diálogo que nos permita traballar nesa dirección.

Dende a CIG nunca renunciamos a defender os dereitos dos traballadores e sempre estivemos dispostos a dialogar coa empresa, pero isto esixe a mesma disposición por parte dos responsables da empresa. Desexaríamos que esta tregua conseguise establecer unha verdadeira negociación entre os traballadores e a empresa.

Loita coa CIG na defensa dos teus dereitos !!!

A Coruña, 14 de setembro de 2009